



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

MEDIO RURAL E DO MAR

Anuncio

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DESUBVENCIONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIACOMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, NA ANUALIDADE 2024

En relación coa convocatoria das subvencións de referencia (publicada no BOP de Lugo nº 57, do 8 de marzo de 2024), a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 21 de maio de 2024, acordou:

“Logo de ver a proposta do señordeputadodelegadoda Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 1 de marzo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2024, dotado con 100.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024.

II.A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións (no sucesivo, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 8 de marzo de 2024.

Como consecuencia das ditas publicacións, foron recibidas 163 solicitudes por parte de 65 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III.En cumprimento do establecido na Base 11, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.

En concreto, comprobouse que as 163 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 163 solicitudes:

- 76 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.
- 87 estaban incompletas ou contiñan erros emendables por parte de 34 ANPAS.

Requiridos os 34 solicitantes cuxas 87 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

IV. Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.

Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA e Tropic Gaia indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas e explotacións):

Expediente	ANPA Beneficiaria	NIF	Visita / Obradoiro	Importe unitario subvención	Importe total subvención
2024/CCP_01/000067	Asoc de pais de alumnos do colexio de Riotorto	G27307677	Tropic Gaia	498,75	2.298,75
2024/CCP_01/000068			Milhulloa	900,00	
2024/CCP_01/000069			SAT Lodos e Pérez	900,00	
2024/CCP_01/000122	ANPA do CEIP Veleiro de Campo, Castro Riberas de Lea	G27371129	Milhulloa	900,00	4.185,00
			G. AlejandroSalvatierra	900,00	
			Daveiga	900,00	
			ADEGA	495,00	
			ADEGA	495,00	
			ADEGA	495,00	
2024/CCP_01/000130	ANPA do CEIP de Samos	G16843799	Daveiga	900,00	1.897,50
2024/CCP_01/000129			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000133			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000151	Asociación de nais e pais Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	G27272459	Caurelor	900,00	900,00
2024/CCP_01/000160	Asociación de padres de alumnos Muras	G27021948	Champivil	855,00	1.353,75
			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000167	Agrupación mais e pais de alumnos a Ulloa de Palas de Rei	G27359272	ADEGA	498,75	2.493,75
2024/CCP_01/000168			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000169			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000170			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000173			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000219	APA del CEIP de Triacastela	G27317643	Terras da Mariña	855,00	1.353,75
			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000255	APA y ex-alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga	G27190263	A Casa da Fonte	900,00	1.398,75
			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000270	Asociación de Padres de alumnos del colegio mixto comarcal de Trabada	G27019272	O Trobo	900,00	900,00
2024/CCP_01/000417	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público	G27230382	Airas Moniz	855,00	2.850,00
			Tropic Gaia	498,75	

	Ricardo Gasset do Incio		ADEGA	498,75	
			Tropic Gaia	498,75	
			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000420	Apa Santa Eulalia y San Berto	G27323054	Traloagro	807,50	1.306,25
			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000441	Asociación de nais e pais do alumnado do CEIP do Páramo	G16791758	Daveiga	900,00	900,00
2024/PES_03/005823	APA Colegio A Gándara	G27183961	A Casa da Fonte	900,00	900,00
2024/CCP_01/000442	Anpa do CEIP Castro de Ouro de Alfoz	G27424951	GandeiríaMantoño	900,00	900,00
2024/CCP_01/000450	Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz	G27011642	GandeiríaMantoño	684,00	3.363,00
2024/CCP_01/000451			Terras da Mariña	684,00	
2024/CCP_01/000452			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000453			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000455			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000457			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000482	APA colegio público Pantón	G27205186	Champivil	885,00	2.903,00
			GandeiríaPuluán	636,00	
			Porco Celta de Outeiro	884,00	
			Tropic Gaia	498,00	
2024/CCP_01/000504	APA Colexio Público Ramón Falcón	G27210632	G. AlejandroSalvatierra	900,00	1.800,00
			Traloagro	900,00	
2024/CCP_01/000506	Asociación pais alumnos Terra Cha do CEIP de Román	G27312859	Pazo de Vilane	900,00	1.800,00
2024/CCP_01/000507			Ana Pérez Boo	900,00	
2024/CCP_01/000537	Asociación Pais de alumnos do CEIP San Miguel	G27291129	Gandería Quintián	900	1.398,75
			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000543	APA colegio nacional mixto comarcal de A Pontenova	G27106020	G. AlejandroSalvatierra	750,00	750,00
2024/CCP_01/000545	ANPA Fundación Educativa Torre de Lemos	G27427996	A Casa da Fonte	900,00	3.195,00
2024/CCP_01/000546			Daveiga	900,00	
2024/CCP_01/000547			Traloagro	900,00	
2024/CCP_01/000548			Tropic Gaia	495,00	
2024/PES_03/006511	ANPA del CEIP de Monterroso	G27374248	Da Veiga	900	3.600,00
			Milhulloa	900	
			Pazo de Vilane	900	
			Traloagro	900	

2024/CCP_01/000549	APA y exalumnos del colegio nacional mixto comarcal Santa María del Valle de Oro	G27019264	Champivil	855	3.065,00
			G. AlejandroSalvatierra	855	
			O Trobo	500	
			Ana Pérez Boo	855	
2024/CCP_01/000550	APA y Exalumnos de EGB del colegio nacional mixto comarcal de Foz Padre Feijoo	G27019371	Ana Pérez Boo	900,00	900,00
2024/CCP_01/000552	Asociación de nais e pais de alumnos/as do CEIP Monseivane (en constitución)	G56349731	Terras da Mariña	788,50	1.287,25
			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000553	Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP Manuel Mato Vizoso	G27493527	Porco Celta de Outeiro	900,00	1.390,00
			Tropic Gaia	490,00	
2024/CCP_01/000554	APA del colegio público Fondo Nois	G27045129	SAT Lodos e Pérez	475,00	973,75
2024/CCP_01/000555			ADEGA	498,75	
2024/CCP_01/000556	APA colegio público Otero Pedrayo de Rábade	G27100049	Arqueixal	895,00	895,00
2024/CCP_01/000557	APA de Xermade	G27035500	SAT O Palomar	900,00	1.800,00
			MUVICLA	900,00	
2024/CCP_01/000558	APA de la agrupación escolar de Bretoña de Pastoriza	G27021849	Daveiga	855,00	2.208,75
			G. AlejandroSalvatierra	855,00	
			Tropic Gaia	498,75	
2024/CCP_01/000559	Asociación padres de alumnos Vista Alegre de Cervo	G27030154	A Carqueixa	900,00	900,00
2024/CCP_01/000560	APA del colegio de la Merced de Sarria	G27120039	A Casa da Fonte	900,00	900,00
2024/CCP_01/000561	Asociación de padres de alumnos del colegio público Pedro CasellesRollán	G27037787	Champivil	786,00	4.600,50
2024/CCP_01/000562			Ana Pérez Boo	802,50	
2024/CCP_01/000563			GandeiríaMantoño	764,00	
2024/CCP_01/000564			O Trobo	742,00	
2024/CCP_01/000565			GandeiríaMantoño	764,00	
2024/CCP_01/000566			O Trobo	742,00	
2024/CCP_01/000567	ANPA CEIP San Miguel	G27226257	El Pais del Abeyeiro	900,00	2.700,00
2024/CCP_01/000568			O Trobo	900,00	
2024/CCP_01/000569			Champivil	900,00	
2024/CCP_01/000570	ANPA do CEIP de San Clodio	G27458124	Caurelor	900,00	900,00
2024/CCP_01/000571	ANPA CEIP San Miguel	G27226257	Terras da Mariña	900,00	2.700,00

2024/CCP_01/000572			Traloagro	900,00	
2024/CCP_01/000573			Granxa Angus do Campo	900,00	
2024/CCP_01/000575	Asociación Padres de alumnos CEIP San Xoán Becerreá	G27303429	Granxa Aeiroá	900,00	2.700,00
			Granxa Teixeira e Pistón	900,00	
			Embutidos Suarna	900,00	
2024/CCP_01/000574	Asoc ANPA CEIP O Salvador	G27475532	Gandería Quintián	855,00	855,00
2024/CCP_01/000576	Asociación de padres de alumnos del colegio público de Castroverde	G27022219	Granxa Angus do Campo	855,00	855,00
2024/CCP_01/000577	APA CPI Dr. López Suárez de Friol	G27328483	Champivil	900,00	900,00
2024/CCP_01/000578	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	Gandería Quintián	900,00	3.600,00
			Pazo de Vilane	900,00	
			Milhulloa	900,00	
			O Trobo	900,00	
2024/CCP_01/000580	Asociación de nais e pais de alumnos Virxe do Carne	G27390509	A Casa da Fonte	900,00	900,00
2024/CCP_01/000587	APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Viveiro	G27019017	MantoñoHolstein	760,00	3.040,00
2024/CCP_01/000588			MantoñoHolstein	760,00	
2024/CCP_01/000589			Ana Pérez Boo	760,00	
2024/CCP_01/000590			Ana Pérez Boo	760,00	
2024/CCP_01/000591	APA de los centros docentes de Fonsagrada	G27021682	El Pais del Abeyeiro	855,00	855,00
2024/CCP_01/000592	APA colegio público de Meira	G27120500	Arqueixal	900,00	2.700,00
			Arqueixal	900,00	
			Arqueixal	900,00	
2024/CCP_01/000595	APA del colegio público Rosalía de Castro de Mosteiro-Pol	G27239748	Granxa Teixeira e Pistón	900,00	900,00
2024/CCP_01/000596	APA del CP Antonio Insua Bermúdez	G27119833	Terras da Mariña	855,00	855,00
2024/CCP_01/000597	Asociación de pais de alumnos o Cantel do colegio público EXB N 2 de Foz	G27211937	Arqueixal	890,50	5.314,00
			AvicavaNatur	866,50	
			As Vacas da Ulloa	900,00	
2024/CCP_01/000598			Arqueixal	890,50	
			AvicavaNatur	866,50	
			As Vacas da Ulloa	900,00	
2024/CCP_01/000599	ANPA Martínez Otero	G272565344	SAT Lodos e Pérez	900,00	900,00

2024/CCP_01/000077	APA del Colegio de los Franciscanos de Lugo	G27010172	Airas Moniz	900,00	3.600,00
			SAT O Palomar	900,00	
			SAT O Palomar	900,00	
			Pazo de Vilane	900,00	
2024/CCP_01/000123	APA Colegio público de Nadela	G27135193	Sen Máis, Vacas Ulloa	900,00	2.700,00
			Sen Máis, Vacas Ulloa	900,00	
			Sen Máis, Vacas Ulloa	900,00	
2024/CCP_01/000353	ANPA Abella do CEIP de Casás	G27414051	SAT O Palomar	900,00	1.658,50
2024/CCP_01/000355			Traloagro	758,50	
				TOTAL	100.000,00 €

V. Por outra banda, as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarias das subvencións son as interesadas dos expedientes que se relacionan a continuación:

Expediente	ANPA Solicitante	NIF	Visita / Obradoiro	Motivo desestimación
2024/CCP_01/000077	APA del Colegio de los Franciscanos de Lugo	G27010172	Tropic Gaia	1
			ADEGA	1
2024/CCP_01/000446	APA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	ADEGA	1
			ADEGA	1
2024/CCP_01/000458	Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz	G27011642	ADEGA	1
2024/CCP_01/000468	ANPA Escola Educación Infantil de Vilalba	G27254101	Champivil	1, 3
			ADEGA	2, 3
2024/CCP_01/000575	Asociación Padres de alumnos CEIP San Xoán Becerreá	G27303429	Tropic Gaia	1
			ADEGA	1
2024/CCP_01/000578	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	Daveiga	2
2024/CCP_01/000582	ANPA EEI San Roque (en constitución)	G56465917	O Trobo	1, 3
			ADEGA	2, 3
2024/CCP_01/000585	APA de la escolahogar Santa Rita de Galdo de Viveiro	G27019017	Tropic Gaia	1
2024/CCP_01/000586			ADEGA	1
2024/CCP_01/000591	APA de los centros docentes de Fonsagrada	G27021682	ADEGA	1
2024/CCP_01/000594	Asociación nais e pais do EEI de Sarria	G27395961	SAT O Palomar	3
			SAT O Palomar	3
2024/CCP_01/000596	APA del CP Antonio Insua Bermúdez	G27119833	ADEGA	1
2024/CCP_01/000602	Asociación A Granda Colexio Público Muimenta-Cospeito	G27152529	Tropic Gaia	1
2024/PES_03/006945	ANPA CEIP Eloísa Rivadulla	G27349141	Airas Moniz	4

Motivo denegación

1. Esgotamento dispoñibilidade obradoiros (Base 8)
2. Esgotamento dispoñibilidade visitas por granxa (Base 8)
3. Centro de educación infantil (Base 5)
4. Incumprimento Base 8 (solicitud presentada de forma presencial)

VI. Finalmente, as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nas Bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foron estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, e que, polo tanto, pasan á listaxe de reserva para o suposto de que se libere crédito por producirse renuncias por parte de outras entidades beneficiarias de subvención, son as que se relacionan a continuación:

Expediente	ANPA Solicitante	NIF	Visita	Data presentación solicitude	Data solicitude completa	Importe unitario subvención
2024/CCP_01/000444	ANPA CEIP Rosalía de Castro	G27126234	Terras da Mariña	25/03/2024	26/03/2024	900,00
			SAT O Palomar	25/03/2024	26/03/2024	900,00
2024/CCP_01/000446	APA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	Milhulloa	25/03/2024	27/03/2024	900,00
			Caurelor	25/03/2024	27/03/2024	900,00
2024/CCP_01/000533	APA Colegio Nacional Mixto Las Mercedes	G27130301	Terras da Mariña	04/04/20204	10/04/2024	872,10
			SAT Lodos e Pérez	04/04/2024	10/04/2024	788,50
			Daveiga	04/04/2024	10/04/2024	872,10
			Casa Bértolo	04/04/2024	10/04/2024	788,50
			A Casa da Fonte	04/04/2024	10/04/2024	872,10
			Arqueixal	04/04/2024	10/04/2024	895,85
2024/CCP_01/000603	Asociación de nais e pais de alumnos Anexa 2007	G27370105	A Carqueixa	09/04/2024	11/04/2024	900,00
2024/CCP_01/000584	ANPA del colegio público Isla Verde de Lugo	G27043033	Arqueixal	09/04/2024	21/04/2024	855,00
			Daveiga	09/04/2024	21/04/2024	855,00
2024/CCP_01/000583	APA del Colegio de la compañía de María de Lugo	G27130111	MantoñoHolstein	09/04/2024	28/04/2024	900,00

Por todo canto vai exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1. Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2024, en favor das beneficiarias e nas contías que se relacionan no apartado IV desta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 6 da convocatoria.
2. Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no apartado V desta Proposta.
3. Ditar resolución provisional de listaxe de reserva das solicitudes que se relacionan no apartado VI desta Proposta, aos efectos previstos na Base 16
4. Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, e que será publicado no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5. Notificar este Acordo provisional ás interesadas, por medio da súa publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para presentar alegacións.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

De acordo coa Base 11 da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do Acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar alegacións.

Lugo, 21 de maio de 2024.- O presidente, P.D. Decreto do 06/07/2023, o deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Daniel García Fernández.

R. 1444

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Logo de instruír polos servizos competentes deste Concello, expediente de aprobación do **Plan de Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Bóveda**, convócase, por prazo de 20 días naturais, trámite de audiencia e, no seu caso, de información pública, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 20 de maio do 2024.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 1438

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 761/2024 E 762/2024. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2024.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 10 de abril de 2024 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.391,38 €, correspondendo 986,64 € a libre concorrencia e 8.404,74 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 13 de maio de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1439

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de abril de 2024, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Primeiro Bimestre do exercicio 2024, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 13 de maio de 2024.- A Alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 1440

CASTRO DE REI

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 14 de maio de 2024 polo Pleno deste Concello, o expediente *dederogación de la ordenanza fiscal reguladora de la tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos, aprobada en el año 2023*, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Castro de Rei, 16 de maio de 2024.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1441

CHANTADA

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA O I CONCURSO DE FACHADAS E BALCÓNS DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O ANO 2024

1.-CONVOCATORIA

O Ilustre Concello de Chantada, a través da Concellería de Parques e Xardíns, convoca primeiro Concurso de embelecemento de Fachadas e Balcóns.

2.-OBXECTO DOCONCURSO

Mediante este concurso preténdese poñer en valor os beneficios estético-ambientais das fachadas e balcóns como elementos vivos da nosa vila.

En cada balcón ornamentado existe unha contribución cidadáa mellora estética dunha rúa ou edificio; á mellora da calidade ambiental; e sobre todo, á mellora da relación veciño-entorno urbano mediante unha persoal aportación artística que podemos gozar todos, tanto veciños como turistas.

Como é ben sabido polos nosos veciños e visitantes o Concello de Chantada leva participando no certame de Vilas en Flor dende hai seis anos, acadando catro flores de honra. Formamos parte dos concellos que acadan as maiores puntuacións, por iso, con este concurso preténdese dar un novo pulo para mellorar a imaxe da nosa vila cun enfoque no que participen de primeira man os nosos cidadáns.

3.-PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso toda vivenda susceptible deser decorada e que se atope dentro do **TERMO MUNICIPAL de Chantada**.

4.-INSCRICIÓNS

As inscricións son gratuítas, sendo cada localización obxecto dunha inscrición única.

Deberán realizarse mediante rexistro ou calquera dos medios previsto na Lei de Procedemento Administrativo común.

O prazo de inscrición comezará a partir do día seguinte da publicación no boletín oficial da provincia de Lugo rematará o día 17 de xuño de 2024. No momento da inscrición facilitarase un distintivo.

Os balcóns ou ventás deberán exhibirse, polo menos desde o día 17 de xuño ata o día 31 de agosto de 2024, incluído. Todos os participantes deberán mostrar nun lugar visible desde a vía pública o distintivo que lles será facilitado e que servirá ao xurado para identificalo. Sen ese requisito, non se realizará a valoración, entendéndose como renuncia á participación.

5.-XURADO

O xurado será designado polo Concello. A súa composición será predominantemente técnica, estando integrado principalmente por persoas especialistas en xardinería ou embelecemento urbano.

O xurado reserva o dereito de interpretación das Bases do presente concurso e de resolución dos casos non contemplados, de acordo co seu mellor criterio. Tamén reserva o dereito a declarar deserto algún dos premios se non se reuniesen ao seu criterio os méritos suficientes.

O fallo do xurado será inapelable,

6.-DESENVOLVEMENTO DOCONCURSO

Os elementos utilizados para a ornamentación déixanse a libre elección dos veciños, pero sempre respectando os viais, beirarrúas e entradas a vivendas doutros veciños. O porcentaxe de plantas con flor será como mínimo do 20% e un máximo do 80% dos elementos presentes na decoración.

Todo elemento colgado ou colocado sobre calquera estrutura que puidera precipitarse por efecto do vento, deberá estar debidamente suxeito á estrutura do balcón, sen que a súa ubicación poña en risco a seguridade, facéndose responsable a persoa inscrita no concurso de calquera accidente orixinado pola caída dalgún elemento ou parte deste á vía pública.

Para a primeira semana de xullo de 2024, todas as localizacións participantes deberán estar preparadas para que poidan ser fotografadas.

Posteriormente o xurado visitará todas as localizacións participantes durante a última semana de xullo, realizándose a valoración final desde a vía pública, sen acceder nunca á vivenda.

Da sesión de valoración emitirase un acta co resultado, que será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

7.-CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xuradocualificador valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade e creatividade da composición: Valoración de 0-5
- Laboriosidade: Valoración de 0-5
- Uso de materiais reutilizados e ornamentación non floral: Valoración de 0-5
- Naturalidade (Variedade das plantas utilizadas): Valoración de 0-5
- Colorido: Valoración de 0-10
- Perdurabilidade: Valoración de 0-10
- Calidade ornamental (harmonía e deseño): Valoración de 0-10

8.-PREMIOS

Haberá 5 premios das seguintes contías:

PREMIO	CONTIA
1º	350 €
2º	250 €
3º	200 €
4º	150 €
5º	100 €

O importe dos premios recibirá o titular que efectuara a inscrición no concurso. Para concretar a forma de cobro, o receptor deberá entregar no rexistro xeral do concelloo Anexo II a fotocopia do DNI, e certificación bancaria a fin de recibir o premio que se aprobará por resolución da Alcaldía.

9.-COMPROMISO

A participación neste concurso implica a total aceptación expresa e sen reservas das presentes bases.

10.-DEREITOS E PROTECCIÓN DE DATOS

Autorízase á organización a realizar todas as fotografías que consideren oportunas reservándose todos os dereitos, podendo ser utilizadas para a súa publicación en calquera medio, quedando cedidos de forma gratuíta os dereitos de imaxe dos mesmos.

Os datos persoais aportados polos participantes no Concurso, e todos aqueles que poidan derivarse da súa intervención no mesmo, serán tratados para xestionar a súa participación, seleccionar aos gañadores e contactar con eles para a entrega do premio, así como a comunicación, a través das diferentes redes sociais con contas de titularidade municipal, dos datos persoais relativos a nome e apelidos dos participantes e/ou gañadores e, no seu caso, das fotografías dos elementos cos que participaron no concurso.

A base que llexitima o tratamento dos datos é o consentimento outorgado a través da inscrición para a participación no CONCURSO, tendo dereito ao acceso, rectificación e supresión dos datos, así como calquera outro dereito que lles corresponda.

No caso de que se faciliten datos persoais de terceiras persoas (familiares, parella, amigos, etc.), mediante a aceptación destas bases, garantízase que se informou previamente a esas persoas dos aspectos contidos nestas bases obtendo a súa autorización para facilitar os seus datos para os fins sinalados e que se atopa autorizado para facelo, nas mesmas condicións para as mesmas finalidades previstas no presente documento.

Chantada, 20 de maio de 2024.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

ANEXO I : SOLICITUDE DE PARTICIPACION

(A cumprimentar polos participantes)

D/D^a.....
con DNI.....,e domicilio en.....
.....actuando en nome propio,
Teléfono de contacto.....e correo electrónico.

Coñecidas as Bases do I Concurso de Balcóns e Fachadas 2024, presento SOLICITUDE para participar no Concurso:

<input type="checkbox"/> Presto o meu consentimento para que os datos aportados (datos persoais, fotográficos e audiovisuais) poidan ser utilizados para a tramitación do expediente do Concurso de Balcóns e Fachadas e ubicalos nas redes de comunicación do Concello de Chantada.	
Responsable	Concello de Chantada
Finalidade Principal	Xestión e tramitación expediente do I Concurso deBalcóns e Fachadas 2024
Lexitimación	Consentimento
Destinatarios	Infórmase que as fotos colgaransenas redes sociais doConcello de Chantadapolo que a mencionada plataforma terá acceso aos datos que están na mesma.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calqueraoutrosdereitos que lles correspondan, tale como se explica na información adicional.

DATA E SINATURA

Declaro baixo a miñaresponsabilidade que os datos facilitados son certos.

Chantada, a ___ de ___ de 2024.

O/A solicitante

Asdo.: _____

[ILMO.SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

R.1445

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2º TRIMESTRE CURSO 2023-2024

Por Xunta de Goberno Local do día 06.05.2024aprobose o Padrón do Prezo Público Conservatorio segundotrimestrecurso 2023-2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pagoen período voluntario dende 22.05.2024 ata o 22.07.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 10 de maio de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1442

RIBAS DE SIL

Anuncio

Ficou definitivamente aprobado polo Pleno deste concello o orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 19/04/2024, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que o devandito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 1.428.000,00 Euros, correspondéndolle a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

CAP	ESTADO DE GASTOS	IMPORTE
Capítulo 1:	Gastos de persoal	696.517,63
Capítulo 2:	Compra de bens e servizos	393.126,50
Capítulo 3:	Gastos financeiros	4.000,00
Capítulo 4:	Transferencias correntes	31.900,00
Capítulo 5:	Fondo de Continxencia	6.000,00
Capítulo 6:	Inversións reais	236.455,87
Capítulo 7:	Transferencias de capital	60.000,00
Capítulo 9:	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		1.428.000,00

CAP	ESTADO DE INGRESOS	IMPORTE
Capítulo 1:	Imposto Directos	425.500,00
Capítulo 2:	Imposto Indirectos	17.000,00
Capítulo 3:	Taxas e outros ingresos	127.200,00
Capítulo 4:	Transferencias correntes	599.570,00
Capítulo 5:	Ingresos patrimoniais	2.500,00
Capítulo 6:	Enaxenación de inversións	0,00
Capítulo 7:	Transferencias de capital	170.318,25
Capítulo 9:	Pasivos financeiros	85.911,75
TOTAL		1.428.000,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA.- Denominación da Praza; nº. de prazas; grupo; nivel de C. de Destino; situación

- Secretario - Interventor; 1; A1; 27/28; cuberta en acumulación.
- Administrativo; 1; C1; 21; vacante.
- Auxiliar - Administrativo/Responsable contabilidade; 1; C1/C2; 19; ocupado en propiedade.

B) PERSONAL LABORAL FIXO.- Denominación do Posto; nº. de postos; situación.

- Arquitecta Asesora Municipal; 1.
- Técnica Xestión e Emprego/ Responsable de xestión administrativa persoal, emprego e subvencións; 1.
- Traballadora Social/Coordinadora de Servicios Sociais; 1.
- Auxiliar de axuda no fogar; 7.
- Limpadora; 1.
- Oficiais 1ª servicios múltiples/Oficial 1ª condutor/Oficial 1ª emerxencias e seguridade; 3, temporal/proceso estabilización emprego.

De acordo co preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local faise constar a asignación nos orzamentos das seguintes retribucións, indemnizacións e asistencia dos membros da Corporación:

1º.- Membros da Corporación con dedicación:

O Alcalde, a dedicación exclusiva recoñecida polo Pleno do Concello, ascende á cantidade de 2.495,68 € brutos mensuais, en 14 pagas ó ano.

A Concelleira de Xuventude, dedicación parcial que ascende a 671,54 € brutos mensuais en 7 pagas ao ano.

A concelleira de Servicios Sociais, dedicación parcial que ascende a 671,54 € brutos mensuais en 14 pagas ao ano.

Ribas de Sil, 21 de maio de 2024.- O ALCALDE, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1446

XOVE

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE FONTANERÍA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR CON DEREITO A RESERVA DE PRAZA E CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (ART 15.3 PARÁGRAFO 3º DO TRET)

Por Resolución de Alcaldía de 21 de maio de 2024, aprobáronse as bases específicas para a selección dunha praza de oficial de fontanería como persoal laboral temporal de substitución de persoal con dereito a reserva de posto de traballo e creación dunha lista de reserva polo sistema de concurso-oposición libre e que a continuación se transcriben:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE FONTANERÍA E LISTA DE RESERVA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal mediante o concurso-oposición de unha praza de oficial de fontanería como persoal laboral por substitución do titular actual da praza como persoal laboral con dereito a reserva do posto de traballo (art 15.3 TRET).

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: C2

NIVEL C.D.: 15

DENOMINACIÓN: PERSOAL DE FONTANERÍA

XORNADA DE TRABALLO: Xornada completa (37.5 horas semanais)

DURACIÓN DO CONTRATO: O contrato estará vixente ata a reincorporación do titular da praza ou ata a súa extinción de acordo co previsto na lexislación aplicable.

RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove.

FUNCIÓNS DA PRAZA: As descritas na relación de Postos de Traballo (posto núm. 20)

3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 20. Cinco.1 da L 31/2022, de 23 e decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023: “Non se poderá contratar persoal temporal ni realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo RDLei 32/2021, de 28 de decembro, o o Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, así como no resto da normativa aplicable”.

- Artigo 11 do E.B.E.P.: “É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*”.

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*

b) *Transparencia.*

c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*

e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: “*Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto*”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “*A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade*”.

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “ A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

- Artigo 15.1 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (E.T.): “*O contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora*”.

- Artigo 15.3 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (E.T.): “*Poderán celebrarse contratos de duración determinada para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución. En tal suposto, a prestación de servizos poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño adecuado do posto e, como máximo, durante quince días. Artigo 15.1 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (E.T.)*”

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.
- c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

F. P. de Grao Medio-Instalación e Mantemento ou asimilado

Carnet de Conducir-B

Non se esixe a acreditación do coñecemento da lingua galega toda vez que se trata de prazas de persoal laboral temporal cuxas funcións non implican relacións directas cos cidadáns nin tarefa ningunha de carácter administrativo senon que son tarefas estritamente manuais ou mecánicas.

6. PUBLICACIÓN.

A convocatoria e as bases íntegras da mesma publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica da páxina web (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abrirá o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES.

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflicten as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o Tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude formulada, o interesado deberá achegar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarse no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.

Deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos recollidos na Base 11.2, do seguinte xeito:

- O desempeño das funcións de fontaneiro como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública e/ou en entidades do sector público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración ou entidade na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de fontaneiro. **Aportarase igualmente informe de vida laboral.**

- O desempeño das funcións de fontaneiro no Sector Privado acreditarase mediante a presentación dos contratos formalizados nos que figure reflectido que o seu obxecto é o desempeño das funcións de fontaneiro. **Aportarase igualmente informe de vida laboral.**

- O desempeño das funcións de fontaneiro como traballador autónomo acreditarase mediante a seguinte documentación:

Documentación acreditativa da alta no epígrafe 504.2 Fontanería

Documentación acreditativa de Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)

Documentación acreditativa do abono das cotizacións do RETA dos 3 meses inmediatamente anteriores ao mes no que se publique a convocatoria no B.O.P.

Informe de vida laboral.

- Copia do certificado do títulos F. P. de Grao Superior-Instalación e Mantemento ou asimilado.

- Para acreditar o mérito relativo a outra formación específica, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, e que teña sido expedido polo órgano ou autoridade competente da entidade ou organismo promotor, organizador ou responsable aos ditos efectos acreditativos.

Nos ditos documentos acreditativos da realización dos cursos ou accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración, así como o seu obxecto ou materias, temario ou contidos impartidos -a excepción dos cursos monográficos-; de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases.

Prazo de presentación: este será de **DEZ DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

A presentación da documentación requirida fóra de prazo suporá a exclusión do procedemento.

Lugar de presentación:

a) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (luns a venres).

- b) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.
- c) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>).

Prazo de alegacións. o prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 4 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado polos seguintes membros, tendo todos eles voz e voto, excluído o Secretario do Tribunal, que redactará a acta de cada sesión que se celebre:

- Un Presidente.
- Tres vogais.
- Un Secretario.

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollos á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como á normativa en materia de acceso ao emprego público.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 24 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.

11.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dun exercicio que consistirá en responder a 30 preguntas tipo test (máis tres preguntas de reserva) relacionadas coas tarefas propias da praza de Oficial de Fontanería e do Programa de Acceso contido no Anexo I. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

O tempo para a realización da proba non excederá de 45 minutos

Pregunta acertada: 2 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0´20 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos.

11.2. FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmente xustificadas.

Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións da praza sinalada na Base 2.

11.2.1.- Experiencia profesional (Total 30 puntos).

1.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de fontanero ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ata un máximo de 36 puntos a razón de 0,30 puntos por mes completo traballado.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na Base 7 d)

2.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de fontanero ou denominación que que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada no sector privado ata un máximo de 36 puntos a razón de 0,30 puntos por mes completo traballado.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na Base 7 d)

3.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de fontanero como traballador autónomo ata un máximo de 36 puntos a razón de 0,30 puntos por mes completo traballado.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na Base 7 d)

11.2.2.- Formación académica (Total 10 puntos).

1.- Copia do certificado do títulos F. P. de Grao Superior-Instalación e Mantemento: 2 puntos

2.- Outra formación específica directamente relacionada coas funcións, responsabilidades ou competencias profesionais inherentes á praza vacante convocada.

Aos ditos efectos, considerarase formación específica susceptible de valoración os cursos ou accións de formación específica, especialización ou perfeccionamento acreditados polas persoas aspirantes e que:

- a) Teñan sido impartidos, realizados e homologados no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), dos Acordos/Plans para a Formación Continua do Persoal das Administracións Públicas, ou equivalentes ou substitutivos.
- b) Teñan sido impartidos, organizados e homologados polas Administracións Públicas e aqueloutros organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas.
- c) Teñan sido impartidos ou organizados por centros de formación homologados polas Administracións Públicas ou por Universidades Privadas, Escolas Oficiais, Colexios Oficiais, Organización Sindicais e aqueloutras entidades públicas ou privadas sempre que os ditos cursos/accións de formación contén, en todo caso, con homologación ou recoñecemento oficial.

En canto ao obxecto e contido dos ditos cursos ou accións formativas deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións:

A) Que estean directamente relacionados coas funcións, responsabilidades ou competencias da praza vacante convocada.

A valoración da dita formación específica realizarase conforme aos criterios de puntuación sinalados a continuación, e ata o máximo total de 8 puntos:

1. Por cursos entre 10 e 20 horas lectivas: 0,10 puntos.
2. Por cursos entre 21 e 50 horas lectivas: 0,40 puntos.
3. Por cursos entre 51 e 100 horas lectivas: 0,75 puntos.
4. Por cursos entre 101 horas e 250 horas lectivas: 2 puntos.
5. Por cursos superiores ás 250 horas: 4 puntos

11.3.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

Fase de oposición

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comenzo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código no exame no que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección, que será o mesmo día de celebración do exercicio de carácter teórico. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, procederá a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superaran a fase de oposición.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Unha vez celebrado o exercicio, o Tribunal fará pública o modelo coa relación das respostas correctas do exame da fase de oposición, con carácter provisional, elevándose a definitiva tras o estudo das alegacións ou reclamacións. A publicación efectuarase na Sede Electrónica do Concello.

Calquera outra alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal ou calquera outra circunstancia relativa ao desenvolvemento das probas, poderase alegar durante os dous días naturais seguintes á publicación da correspondente acta, sendo o Tribunal quen decida sobre as mesmas.

Como resultado do proceso levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

12. CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate, a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida na fase de oposición

2º.- Maior puntuación na fase de concurso

3º.- Maior puntuación obtida nas preguntas de reserva do exercicio teórico da fase de oposición. No suposto de que o Tribunal, de oficio ou a instancia de parte, teña acordado a anulación dalgunha pregunta e a súa substitución pola de reserva, aos efectos do desempate, só se terán en conta as contestacións ás preguntas de reserva restantes.

4º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar ente os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.1.

Calquera alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal no concurso, poderase alegar durante os tres días naturais seguintes á publicación das cualificacións finais e será o Tribunal o que decida sobre as mesmas no prazo dos dous días naturais seguintes á finalización do período de exposición pública, indicándoo na correspondente acta. Unha vez resoltas as reclamacións, o Tribunal publicará as cualificacións finais definitivas tanto do concurso como da oposición.

O Tribunal remitirá á Alcaldía, ao obxecto da oportuna contratación, a relación de aspirantes de maior puntuación e en número igual ao número de prazas convocadas (unha). Non obstante, para asegurarse a cobertura da praza convocada, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes aprobados que sigan ao proposto, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante que teña superado o proceso selectivo.

b) Que o aspirante que superase o proceso selectivo non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

O aspirante proposto presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

c) No caso de ter a condición de discapacitadas deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para solicitar ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Prazo de presentación: o prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das cualificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistimento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14. SINATURA DO CONTRATO

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse a sinatura do correspondente contrato laboral.

15. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16. RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdición Contencioso-Administrativa.

17.- ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DE LISTAS DE RESERVA

Aqueles aspirantes que tivesen superado o proceso selectivo sen ter obtido a praza, pasarán a constituír, por orden de puntuación (entre a suma dos puntos da fase de concurso e a suma dos puntos da fase de oposición), unha bolsa de traballo co fin de atender a futuras necesidades de persoal temporal en supostos de substitución, baixa temporal, etc., como fontaneiro.

A pertenza á bolsa de traballo non confire dereito ningún a ser nomeado, se non é con arranxo ás normas establecidas nestas bases.

Os aspirantes que sexan chamados en virtude da bolsa de traballo deberán reunir os requisitos establecidos nestas bases no momento do chamamento.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na bolsa, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de concurso (experiencia); de persistir o empate aplicarase a forma de desempate prevista na Base 12.

A lista de reserva ou bolsa de traballo permanecerá en vigor por un período de catro anos desde o nomeamento do candidato seleccionado.

O chamamento efectuarase por correo electrónico á dirección facilitada polo candidato na súa solicitude de participación no proceso selectivo. O aspirante contará cun prazo máximo de 48 horas a contar desde o momento no que se remita o correo-e, para aceptar a oferta. A aceptación ou renuncia do aspirante deberá efectuarse a través da Sede Electrónica Municipal. De non presentarse a aceptación ou renuncia no prazo establecido, considerarase que o aspirante renuncia á oferta.

De aceptar a oferta, o aspirante será proposto para ser contratado como persoal laboral temporal, a cuxos efectos deberán presentar no prazo de 2 días hábiles a documentación sinalada na Base 13 anterior, a maiores da seguinte documentación:

- Declaración xurada de non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

- Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

Se houberse defectos emendables nalgún dos documentos anteriores, concederase o prazo de dous días hábiles para a súa subsanación a contar desde o requirimento efectuado mediante correo electrónico para

unha meirande axilidade na súa tramitación. De non emendar o defecto considerarase que o candidato renuncia á oferta.

Unha vez resolto o proceso deberá realizarse a contratación do aspirante seleccionado, dentro do prazo de 5 días naturais contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento. De non formalizar contrato por causas imputables ao nomeado, este quedará en situación de cesante, a non ser que presente causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Cando un integrante da bolsa acepta o posto a cubrir, causará baixa na mesma e unha vez finalice o seu contrato de traballo volverá causar alta na bolsa no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da lista de reserva ou bolsa de traballo, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias, que determinarán que o interesado manteña a posición que lle corresponde na bolsa segundo o orde de puntuación obtida:

-Atoparse o interesado en situación de incapacidade temporal e acreditala mediante parte de baixa ou ben mediante informe médico oficial do Servizo Galego de Saúde ou do Sistema Nacional de Saúde, emitido por profesional médico colexiado.

-Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente

-Parto, baixa por maternidade, baixa por paternidade

-Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo

-Permiso por matrimonio

No caso de que o mesmo aspirante renuncie por terceira vez a un chamamento será automaticamente excluído da bolsa ou lista de reserva.

ANEXO I.

PROGRAMA DE ACCESO

MATERIAS COMÚNS (5 temas).

1. A Constitución Española de 1978: Título Preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Título Preliminar.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: O municipio. Competencias. Os servizos municipais mínimos. A organización municipal: o Alcalde, o Pleno da Corporación, a Xunta de Goberno Local. Elección e competencias de cada un destes órganos.
4. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases de Empregados Públicos. Incompatibilidades.
5. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Capítulos I, II e III.

MATERIAS ESPECÍFICAS (15 temas).

6. Fontanería. Conceptos xerais. Ferramentas . Tuberías e accesorios. Tipos, características, unións e montaxe. Maquinaria e ferramentas para a montaxe.
7. Fontanería. Coñecementos fundamentais: masa, volume, densidade, peso e peso específico, presión, traballo e enerxía, transmisión térmica e caudal e velocidade da auga nas conduccións. Unidades. Conversión de unidades.
8. A auga de consumo. Tratamentos. Composición da auga. Purificación: aireación, coagulación, sedimentación, decalcificación, desmineralización, PH, filtración, desinfección. A calidade da auga de consumo humano. Métodos de desinfección.
9. A contaminación da auga: factores de risco, clases e prevención. Analítica: tipos, tomas de mostras, frecuencias. Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
10. Abastecemento de auga. Definicións e funcións das redes de subministro, captación, condución e distribución de auga. Sistemas de bombeo. Depósitos. Conduccións: tipos de tuberías, materiais e timbraxes. Unións. Válvulas de corte, ventosas e elementos de maniobra. Válvulas reguladoras de presión. Válvulas de seguridade anti-inundacións. Hidrantes. Bocas de rego e limpeza. Probas da tubería instalada. manómetro
11. Saneamento. Definicións e funcións das redes de sumidoiros. Sistemas de tomas nas redes públicas. Conduccións: tipos. Elementos da rede: imbornais, pozos, cámaras de descarga, etc. Probas da tubería instalada.
12. Mantemento das redes de abastecemento, distribución e sumidoiros. Tipos de mantemento: correctivo, preventivo e predictivo.

13. Mantemento das redes de abastecemento, distribución e sumidoiros. Sistemas de detección de fugas. Tipos de rotura, pezas e accesorios de reparación. Ferramentas de corte. Soldaduras. Tipos, materiais a empregar e técnicas.

14. Mantemento das redes de abastecemento, distribución e sumidoiros. Corrosións e incrustacións. Tipos de corrosión, medidas de prevención e protección.

15. Redes de rego. Instalacións de rego. Sistemas de rego convencional: aspersión, difusión, goteo e exudación.

16. Redes de rego. Avarías dos sistemas de rego: detección e reparación. Métodos de automatización do rego: electroválvulas, cableado e programadores.

17. Acometida de augas e edificios. Contadores

18. Instalacións interiores de abastecemento. Tuberías e accesorios, chaves de paso, válvulas e dispositivos de control, grifería sanitaria, contadores, bombas e grupos de presión

19. Instalacións interiores de saneamento. Tuberías e accesorios, aparatos sanitarios. Rede de desugues de edificios. Válvulas de desaugue, sifóns, etc. Avarías máis frecuentes nas instalacións.

20. O Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable do Concello de Xove”

Xove 21 de maio de 2024.- O Alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1447

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – CHANTADA

Anuncio

CONCURSO FACHADAS E BALCÓNS 2024

BDNS (Identif.): 762397

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/762397>)

Publícase o extracto da convocatoria dos premios do concurso de fachadas e balcones 2024. O texto completo pódese consultar na páxina web do Concello <http://www.concellodechantada.org> e no BOP de Lugo .

PRIMEIRO.- OBXECTO O obxecto das presentes bases é a regulación dos premios do I concurso de fachas e balcóns de Chantada, destinado a contribuír á mellora estética do municipio.

SEGUNDO.- BENEFICIARIOS

Poderán participar no concurso toda vivenda susceptible de ser decorada e que se atope dentro do termino municipal de Chantada.

TERCEIRO.- CUANTIA DOS PREMIOS

PREMIO CUANTIA

1º	350 €
2º	250 €
3º	200 €
4º	150 €
5º	100 €

CUARTO.- BASES REGULADORAS

Pódense consultar na páxina web do Concello <http://www.concellodechantada.org>.

QUINTO.- ORZAMENTO Crédito total de 1.050 € , con cargo á aplicación orzamentaria 171-489.02.

SEXTO.- PRAZO PRESENTACION

Até 17 de xuño.

INFORMACIÓN: CONCELLO DE CHANTADA 982-44 00 11.

Chantada, 20 de maio de 2024.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodriguez.

R. 1443

CORREDURÍA DE SEGUROS

Anuncio

En CLEMENTE PIÑEIRO CORREDURIA DE SEGUROS S.L.U, estamos comprometidos con la seguridad y privacidad de los datos de nuestros clientes. En este sentido, trabajamos diariamente para aplicar las mejores prácticas del sector y cumplir con la normativa vigente.

¿Qué ha sucedido? De acuerdo con este compromiso, dado que has tenido en algún momento relación con nosotros, te informamos de que el día 13 de mayo, uno de nuestros proveedores tecnológicos, CODEOSCOPIE S.A. sufrió un incidente de seguridad que podría haber afectado a datos personales de algunos clientes.

La información afectada, no permite, por sí sola, el acceso a sistemas ni la realización de operativa alguna en tu nombre.

¿Qué estamos haciendo? Una vez detectada esta situación, sabemos que el proveedor ha activado el protocolo especial de seguridad que incluye medidas de refuerzo, tanto técnicas como organizativas, para contrarrestar dicha situación, especialmente medidas que impidan que dichos datos puedan ser utilizados por un tercero que haya podido acceder ilícitamente a los mismos para intentar que realice operación alguna. En cualquier caso, y para tu tranquilidad, hasta el momento no tenemos constancia de que esa información se haya utilizado con esa finalidad.

Adicionalmente, CODEOSCOPIE S.A., ha comunicado los hechos a todos los organismos competentes y fuerzas de seguridad del estado, con los que está colaborando estrechamente para evitar cualquier incidencia.

¿Qué puede hacer? Como recomendaciones de prevención para evitar intentos de suplantación de identidad, te recordamos la importancia de seguir medidas como:

Prestar atención a cualquier comunicación sospechosa que proceda de direcciones de correo poco fiables o que utilicen un lenguaje con errores gramaticales y ortográficos.

- No descargar ni abrir archivos de fuentes no fiables.
- No pinchar en los enlaces incluidos en comunicaciones de remitentes desconocidos.
- No contestar mensajes sospechosos de WhatsApp, SMS o cualquier medio equivalente.
- Actualizar frecuentemente las contraseñas de acceso a cualquier aplicación que contenga datos sensibles.

Y para el resto de recomendaciones de seguridad te invitamos a que consultes la web del Instituto Nacional de ciberseguridad (<https://www.incibe.es/ciudadania/blog/estas-recomendaciones-de-ciberseguridad-te-interesan>) y de la Agencia Española de Protección de Datos (<https://www.aepd.es/areas-de-actuacion/internet-y-redes-sociales>).

Por favor, ten esto presente, ahora y en el futuro, para evitar cualquier riesgo innecesario.

Para cualquier información adicional que precises, puedes contactar con nuestro equipo.

Lugo, 22 de mayo de 2024.- Carmen Mercedes Piñeiro Vázquez.

R. 1467